



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AGADER E O CONCELLO DE MELIDE PARA A REHABILITACIÓN DO MERCADO DE GANDO

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

#### DECLARA:

Que esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural formalizou co Concello de Melide un convenio para a rehabilitación do mercado de gando.

Que o instrumento convencional tiña por obxecto establecer a colaboración entre as partes para realizar as obras de acondicionamento do mercado de gando de Melide.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentábase no seguinte: Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos singulares que poidan afectar ao ámbito da transformación e a comercialización agraria que farán do medio rural un lugar máis atractivo e, polo tanto, favorecerán a fixación da poboación e o desenvolvemento do tecido produtivo. A elección deste proxecto veu determinada polo carácter marcadamente agrario do Concello de Melide e por tratarse dun mercado de referencia no interior da provincia da Coruña cuxa actividade se estende a concellos das provincias de Lugo e Pontevedra.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

(asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

